



O camiño das estrelas

► Meta pedagóxica

Representación de constelacións sobre téxtil con elementos que brillan na escuridade.



Etapa educativa recomendada

- Educación Primaria



Competencias

- CCL
- CP
- CSC


🌀 Obxectivos educativos

- Coñecer e identificar constelacións e estrelas reais do ceo nocturno.
- Desenvolver a observación e a capacidade de representación espacial.
- Adquirir estratexias de traballo colaborativo para a creación dun produto común.
- Valorar a tradición helenística na nomenclatura das estrelas e constelacións.



Recursos

- Imaxes de referencia das constelacións a representar
- Retallos de tea negra ou azul escuro
- Impresora 3D (alternativamente, lapis 3D) e/ou plotter de corte
- Fío de impresión 3D e/ou vinilo que brilla na escuridade
- Cola ou pegamento termofusible
- Instrumentos de costura: corda, fío, agullas, máquina de coser, dedais, tesoiras, etc.





Pasos

1. Preparar arredor de 10 estrelas por constelación na impresora 3D (empregando fío que brilla na escuridade) ou no plotter de corte (empregando vinilo que brilla na escuridade).
2. Transferir as estrelas á tea, posicionándoas segundo as imaxes de referencia.
3. Representar as liñas imaxinarias das constelacións unindo as estrelas con fíos de cores diferentes sobre a tea.
4. Coser os diferentes retallos segundo a posición que lles correspondan no espazo.
5. Opcionalmente, elaborar material multimedia explicativo para cada constelación.

Preguntas de reflexión asociadas á actividade

- Que ocorre co proxecto común se algún compañeiro ou compañeira non fai o traballo que lle corresponde e non remata a súa constelación?
- Que sentimentos che produciu traballar en equipo nun proxecto común?
- Cando a tea é moi grande, é moi sinxelo perder a referencia. Que estratexias podemos empregar para representar as constelacións sobre unha tea moi grande?
- Á hora de unir os retallos de tea, como poderíades organizar o traballo para identificar cal é a parte superior e inferior do retallo?
- Como conseguiches representar algo esférico coma o ceo sobre unha tea plana?
- De que outras formas poderías unir as estrelas sobre a tea? E sobre outros materiais?

Referencias

<https://agrupacionio.com/nueva/wp-content/uploads/2024/06/O-firmamento-animado.pdf>

<https://www.youtube.com/watch?v=s8kzYSzVgXA>